

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,  
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,  
GANDARÍA E MONTES**

Día: 07.05.2024

Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 7 de maio de 2024, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

- Punto 1. Elección da Vicepresidencia da Comisión** (artigos 41 e 36 do Regulamento da Cámara)
- Punto 2. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia**, conforme ao establecido na Resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986
- Punto 3. Preguntas**
- 3.1 998 (12/POC-000143)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Vidal Lamas, Sonia e Fernández González, Ariadna  
Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe ao uso de probas máis precisas nas campañas de saneamento gandeiro e o desenvolvemento dun plan para controlar o tránsito de animais procedentes de fóra de Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f2, do 18.04.2024*
- 3.2 1668 (12/POC-000270)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara  
Sobre o estado en que está a tramitación do proxecto do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia para este ano, o proceso de participación do Consello Forestal de Galicia e o cumprimento da normativa autonómica e estatal nesta materia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 17f2, do 25.04.2024*
- 3.3 1966 (12/POC-000321)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen  
Sobre as accións que prevé pór en marcha o Goberno galego para impulsar a produción da viticultura tradicional da Ribeira Sacra  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 17f2, do 25.04.2024*
- Punto 4. Proposicións non de lei**



- 4.1 409 (12/PNC-000001)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Candia López, María Elena e 8 máis  
Sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia co obxectivo de profundar nun modelo silvícola baseado no aproveitamento e na expansión das masas de frondosas autóctonas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 05.04.2024*
- 4.2 410 (12/PNC-000002)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Candia López, María Elena e 8 máis  
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que requira de todas as deputacións provinciais galegas a colaboración decidida en materia de loita contra os incendios forestais  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 05.04.2024*
- 4.3 1737 (12/PNC-000208)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Fernández Fernández, Secundino e 3 máis  
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) proceda a aboar os expedientes de axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 correspondentes á campaña de 2023  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16f2, do 24.04.2024*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2024

**María  
Elena  
Candia  
López**

Firmado digitalmente  
María Elena Candia  
López  
Nombre de  
reconocimiento (DN):  
cn=María Elena Candia  
López,  
email=elena.candia.lopez  
@parlamentodegalicia.es  
Fecha: 2024.04.29  
13:41:21 +02'00'

María Elena Candia López  
Presidenta da Comisión





Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 29/04/2024 13:41:21



# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidenta

María Elena Candia López

P

Secretaria

Montserrat Valcárcel Armesto

BNG

## Vogais

Raquel Arias Rodríguez

P

Xosé Luís Bará Torres

BNG

Secundino Fernández Fernández

BNG

Ariadna Fernández González

BNG

Rubén Lorenzo Gómez

P

José Manuel Mato Díaz

P

Lara Méndez López

S

Armando Ojea Bouzo

M

Noelia Pérez López

P

María del Carmen Rodríguez Dacosta

S

Sonia Vidal Lamas

BNG

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 07.05.2024**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1. Elección da Vicepresidencia da Comisión (artigos 41 e 36 do Regulamento da Cámara)

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 07.05.2024**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, conforme ao establecido na Resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 07.05.2024

Hora: 10:30

Orde do día

3. Preguntas



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 07.05.2024

Hora: 10:30

Orde do día

3.1 998(12/POC-000143)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e Fernández González, Ariadna

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe ao uso de probas máis precisas nas campañas de saneamento gandeiro e o desenvolvemento dun plan para controlar o tránsito de animais procedentes de fóra de Galicia

*Publicación da iniciativa, 13f2, 18.04.2024*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/04/2024 12:25:36  
Nº Rexistro: 998  
Data envío: 05/04/2024 12:25:36.751

## Á Mesa do Parlamento

**Sonia Vidal Lamas e Ariadna Fernández González**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre as campañas de saneamento en Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A tuberculose é unha enfermidade infecciosa causada por micobacterias do Complexo Mycobacterium Tuberculosis, presente en bovinos, tanto salvaxes coma domésticos, non exenta de conservarse noutros reservorios. Trátase dunha doenza de especial relevancia pola súa condición de zoonose, constituíndo desta maneira un problema de saúde pública.

Dada a importancia desta enfermidade a nivel gandeiro e de saúde humana, foi considerada obxecto de campañas de erradicación que comezaron con actuacións xa a principios dos anos 50. Grazas as medidas tomadas, somos en Galiza unha das zonas do Estado Español declaradas oficialmente libres da tuberculose bovina a partires do 2021 considerando, tras as recollidas de datos dos últimos anos que, a pesares de se detectaren casos illados no noso país, co posterior baleiro sanitario (Manzaneda e Dozón, por exemplo), responden a unha circunstancia que se afasta do común, tendendo á prevalencia a cero como indican os mapas publicados polo Ministerio de Agricultura e Gandería ( o último elaborado no 2022).

As probas realizadas en campo son de dous tipos maioritariamente, aínda que hai outras opcións posibles. Por unha banda utilízase a intradermotuberculización, que pode ser simple ( proba de rutina) ou comparada ( excepcional e baixo o criterio da

CSM-REXISTRO-UL-FKUPHI-3  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 05/04/2024 12:25:36

Nº Rexistro: 998

Data envío: 05/04/2024 12:25:36.751

autoridade competente). Son probas de pel onde, pasado o tempo estipulado, se fan medicións exactas do aumento do grosor desta para comparalo coa pel sá e valorar o grao de inflamación derivado de dita proba, engadindo a dita valoración o estado sanitario do propio rebaño en cuestión. A outra proba é a da detección de interferon-gamma, complementaria á proba de pel simple (IDTB), onde se recollen mostras de sangue dos animais para analazas en laboratorios autorizados.

Ditas campañas de saneamento son xa ben coñecidas no sector, pola súa longa traxectoria e regularidade, que se reduciu nos últimos anos dada a baixada na prevalencia, así coma polos posibles resultados das mesmas, sempre obxecto de enfrontamento entre a administración e os gandeiros/as.

O sector gandeiro está comprometido co obxectivo de manternos libres de tuberculose e brucelose por extensión e, de ser posible erradicadas por completo, aínda que cos reservorios salvaxes sexa de especial complicación este feito. Sen embargo, as medidas tomadas tanto pola administración, coma polo ministerio e UE, en relación ao que significa a presenza de positivos en granxa e matadoiro, a presenza de animais dubidosos coa súa posterior inmovilización ou sacrificio innecesario nos casos finalmente negativos e os baleiros sanitarios son, a xuízo dos afectados por ditos casos, inexistentes, insuficientes e pouco adaptadas a realidade do noso país e a gandería que aquí se desenvolve.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

. Contempla a Xunta de Galicia o uso de probas máis específicas e menos sensibles nas campañas de saneamento futuras, coa finalidade de detectar menos casos

CSX: REXISTRO-ULFKPPII-3  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/04/2024 12:25:36**  
**Nº Rexistro: 998**  
Data envío: 05/04/2024 12:25:36.751

positivos e dubidosos que non se corresponden coa presenza da tuberculose e que rematan en matadoiro de xeito innecesario?

. Vai a Xunta desenvolver un plan efectivo que controle o tránsito de animais entre comunidades con menor categoría sanitaria que Galiza dotando esas entradas, de ser o caso, de total seguridade para os nosos gandeiros/as antes de que se produzan?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2024

Asdo.: **Sonia Vidal Lamas**

**Ariadna Fernández González**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Sonia Vidal Lamas na data 05/04/2024 12:16:45**

**Ariadna Fernández González na data 05/04/2024 12:24:09**

CSX: REXISTRO-ULFKPHH-3  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 07.05.2024

Hora: 10:30

Orde do día

3.2 1668(12/POC-000270)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre o estado en que está a tramitación do proxecto do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia para este ano, o proceso de participación do Consello Forestal de Galicia e o cumprimento da normativa autonómica e estatal nesta materia

*Publicación da iniciativa, 17f2, 25.04.2024*



Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/04/2024 10:45:07  
Nº Rexistro: 1668  
Data envío: 12/04/2024 10:45:07.159

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

O Plan de prevención de incendios leva anos sendo elaborado unilateralmente pola Xunta de Galicia, segundo denuncian ano tras ano membros do Consello Forestal.

Entre eles están as organizacións sociais que detectaron fallos e eivas que afectan ao normal funcionamento na aplicación do Pladiga, como é o caso do conxunto do plano de prevención de incendios forestais da Xunta de Galicia que afectan gravemente ao patrimonio natural, á economía e ao conxunto da sociedade do país, sen que a Xunta de Galicia busque alternativas reais á situación na que se encontra a nosa comunidade autónoma en relación e esta lacra.

A crise climática global obriga a que se adopten medidas co fin de que o operativo de prevención e extinción se poida expandir e contraer en función das necesidades reais que se produzan en cada momento e para iso necesítanse medios materiais e técnicos pero tamén un servizo de prevención e extinción profesional, único e estable.

Hai unha falla de vixilancia as 24 horas do día en días de perigo alto de incendio con moitas zonas de sombra que permanecen sen atención e afastadas de poboacións que poidan alertar en tempo suficiente, hai incendios que cando se sabe deles xa teñen unhas dimensións considerables cun maior risco de propagación, maior risco para as persoas e os bens, e incremento dos custos de extinción.

CSM-REXISTRO-SZ/P31007-1  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / [981.55.15.30](tel:981.55.15.30)

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/04/2024 10:45:07**  
**Nº Rexistro: 1668**  
Data envío: 12/04/2024 10:45:07.159

Non se poden ter pechados os puntos de vixilancia fixos, estratéxicos para unha axeitada protección dos ecosistemas forestais substituíndo estes puntos de vixilancia con profesionais exclusivamente por cámaras. A vixilancia ao través dos postos fixos segue a ser o mellor e máis eficaz método de detección e prevención de incendios. Os vixiantes son habitualmente veciños da zona onde realizan o seu traballo, coñecen os lugares e teñen unha gran experiencia na detección inmediata de incendios e diferenciación de falsas alarmas, de transmitir os datos clave do incendio como descrición, vexetación afectada inicialmente, potencial do incendio, risco inmediato para poboacións próximas para activar medidas extraordinarias de protección, así como orientar aos medios de extinción.

Non se cobren todas as baixas do persoal de prevención e extinción propias, algunhas delas non se cobren en anos, feito demostrable se se consulta con calquera brigada de calquera distrito (tanto fixos como fixos-discontínuos), moitas brigadas día tras día só entran con dous ou tres compoñentes ou incluso 1 só compoñente, a media debe de ser de catro a cinco bombeiros forestais, como mínimo, por brigada para garantir tanto a operatividade na extinción como a seguridade dos traballadores e da poboación.

Baixas de axentes forestais sen cubrir (distritos forestais onde tiña que haber entre 20-23 axentes ambientais/axentes forestais só están operativos para traballos de prevención-extinción de incendios 14-15 axentes), isto afecta directamente á eficacia do operativo de prevención-extinción de incendios, maior carga de traballo, suspensión de vacacións, incumprimento da lexislación existente en canto á compatibilización da vida laboral e familiar, maior perigo para os ecosistemas forestais de Galicia por unha menor protección, maior tempo de reacción diante dos incendios e menor eficacia por non poder realizar os labores propios destes profesionais por falla de persoal. Ademais, obsérvase una maior necesidade de que se cubran todas as prazas de axentes desde a implantación do Sistema Estrutural de Mando Operativo SEMOP, que establece



CSX4 REXISTRO-92/P3/OD7-1

Verificación

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / [981.55.15.30](tel:981.55.15.30)

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/04/2024 10:45:07  
**Nº Rexistro: 1668**  
Data envío: 12/04/2024 10:45:07.159

unha mellora na coordinación de incendios pero tamén un maior número de axentes dispoñibles para a extinción.

É preciso optimizar os medios e recursos públicos dispoñibles con iso melloraremos a operatividade, melloraremos o tempo de reacción, melloraremos a extinción dos incendios e minimizaremos os seus efectos cando se produzan.

Non é certo que haxa 7.000 persoas no operativo de extinción de incendios forestais de Galicia pois moitas das persoas que din estar operativas na realidade non están a disposición ou sinxelamente son prazas vacantes ou baixas sen cubrir. Ademais, non é máis que un *bluf* no que se prevé una cantidade de medios públicos doutras administracións que en realidade non son medios de extinción ou de primeira liña de lume. O dispositivo do SPIF conta con case 3.000 persoas que dista moito da realidade que aparece nas presentacións aos medios de comunicación.

Existen incumprimentos do “Plan prevención de riscos laborais” e dos “Plans de Acción” a levar adiante nos servizos forestais públicos da Xunta de Galicia. Na maioría dos distritos forestais non hai análise de intervención, reunións para mellorar a súa operatividade e funcionamento, faltan protocolos para coordinar os propios medios con que conta a Consellaría, coordinarse axeitadamente con outros medios que integran o operativo Pladiga. Non se respectan as distintas estruturas operativas do distrito nin as funcións de cada un dos seus integrantes. Na ampla maioría dos casos funcionase por inercia e sen un obxectivo claro. Distritos onde non hai ningunha reunión ao longo de todo o ano, que ocasiona que á hora de se produciren emerxencias, se actúe nalgúns casos de maneira improvisada. Sen unificar criterios na xestión do persoal propio, organización do traballo, horarios, vacacións, reunións de coordinación, estrutura e funcionamento dos distritos forestais. Cinco distritos forestais por provincia, 19 distritos forestais en Galicia, 19 territorios que funcionan cada un



CSX4 REXISTRO-92/F3/OD7-1

Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / 981.55.15.30

@PSdeG







**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/04/2024 10:45:07**  
**Nº Rexistro: 1668**  
Data envío: 12/04/2024 10:45:07.159

á súa maneira sen protocolos claros e sen unificación dos criterios máis básicos.

Os traballos de prevención de incendios (áreas cortalumes, devasas, faixas auxiliares de pistas e camiños, rozados, faixas de xestión de biomasa...), non se realizan ao seu debido tempo. Os traballos de prevención de incendios forestais e de xestión de biomasa deben de realizarse antes do mes de xuño de cada ano.

É de resaltar a falla de divulgación do Pladiga entre os propios integrantes que teñen que cumprir este protocolo de actuación, o Pladiga presentado todos os anos no Consello Forestal de Galicia e aprobado polo Consello da Xunta de Galicia.

É imprescindible que a Administración galega presente o Pladiga ante o Consello Forestal, órgano de carácter consultivo e de asesoramento da Xunta de Galicia e canle de participación da sociedade galega co fin de que se incorporen as achegas que realicen os participantes e se consensúe o Plan de prevención e defensa contra incendios.

Este grupo parlamentario incide na necesidade de presentar o Pladiga con anterioridade do ano en curso, os incendios forestais na actualidade non entenden de estación, ten pouca lóxica que se presente o plan todos os anos xa con case medio ano de sucesos e de prevención que xa debería estar realizada.

Por todo iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª. Que valoración realiza o Goberno galego do atraso inxustifico na publicación do Pladiga?



CSX4 REXISTRO-92/F3/OD7-1

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / [981.55.15.30](tel:981.55.15.30)

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/04/2024 10:45:07**  
**Nº Registro: 1668**  
Data envío: 12/04/2024 10:45:07.159

2ª. Cando vai o Goberno galego presentar o borrador do Pladiga ao Consello Forestal?

3ª. Como se vai planificar o proceso de achegas ao Consello Forestal polos seus membros?

4ª. Cando prevé o Goberno galego levar o Pladiga ao Consello da Xunta?

5ª. Como xustifica o Goberno galego o incumprimento da normativa autonómica e estatal sobre os plans de prevención de incendios?

Parlamento de Galicia, 12 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/04/2024 10:38:25**

**Lara Méndez López na data 12/04/2024 10:38:43**



CSX4 REGISTRO-92/F3/OD7-1

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / 981.55.15.30

@PSdeG



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 07.05.2024

Hora: 10:30

Orde do día

3.3 1966(12/POC-000321)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as accións que prevé pór en marcha o Goberno galego para impulsar a produción da viticultura tradicional da Ribeira Sacra

*Publicación da iniciativa, 17f2, 25.04.2024*



Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/04/2024 17:46:17  
Nº Rexistro: 1966  
Data envío: 16/04/2024 17:46:17.671

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

A viticultura denominada Heroica ou Extrema que se mantén na Ribeira Sacra é xa clave na dinamización económica da zona, non só polo que supón como actividade produtiva propia do sector senón pola súa capacidade de atracción dun turismo sostible, destacando, ademais, a súa contribución ao coidado medioambiental e ao sostemento dunha paisaxe de alto valor declarada de interese cultural pola Xunta de Galicia.

A aposta por esta viticultura tradicional é máis imperiosa aínda unha vez que acabamos de obter o visto e praxe unánime do Consello do Patrimonio Histórico Español para que a Ribeira Sacra e toda a riqueza que atesoura sexa a candidata de España a Patrimonio da Humanidade da Unesco.

Os bancais da Ribeira Sacra son sen dúbida as pegadas do traballo vitivinícola que supoñen unha riqueza identitaria única de adaptación ao medio.

Aínda que actualmente apenas un 5 % do chan dedicado á vide na Comunidade destínase a esta forma tradicional de cultivo (2.500 hectáreas de cultivo), conta coa súa propia Denominación de Orixe desde 1996 grazas a as súas particularidades. É unha maneira de salvagardar unha tradición vitivinícola que aúna o traballo humano coa personalidade da terra e que axuda ao asentamento de poboación no rural.

CSM-REXISTRO-ECOMZns1-5  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/04/2024 17:46:17  
Nº Rexistro: 1966  
Data envío: 16/04/2024 17:46:17.671**

A pesar da súa gran importancia, a Xunta de Galicia non dispón de axudas específicas á esta viticultura como si teñen para viñedos singulares outras comunidades autonómicas como Canarias (que aporta entre 2.310 e 2.530 euros por hectárea), ou mesmo fóra de España, na rexión italiana de Aosta ou no arquipélago luso das Azores, a pesar de que a necesidade de apoiar esta produción xa se fixo patente no ano 2008 durante o Congreso Internacional sobre Viticultura Heroica celebrado en Monforte.

Este tipo de cultivo, debido a súa dificultade, conleva maiores custes de produción, sendo outro dos seus problemas a alta idade media das persoas produtoras e a falta de traballadores cualificados.

Mesmo ante a inanición da Xunta de Galicia, o propio Concello de Sober adoptou a iniciativa de conceder axudas directas con fondos propios, que son insuficientes ao ser unha pequena Administración local.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia crear unha liña de axudas directas e específicas para manter e mesmo aumentar a produción desta viticultura tradicional?
2. Ten pensado a Xunta de Galicia establecer un recoñecemento das parcelas de xeito que se poidan ir incorporando áreas agora abandonadas?
3. Que medidas conta adoptar co sector para encamiñar e impulsar a formación e captación de persoal cualificado?

CSX4 REXISTRO-ZEOMBZnet-5  
VitiCada  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / [981.55.15.30](tel:981.55.15.30)

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/04/2024 17:46:17**  
**Nº Rexistro: 1966**  
Data envío: 16/04/2024 17:46:17.671

4. Ten previsto crear unha estratexia de impulso e a apertura de novas canles de comercialización dos viños desta Denominación de Orixe?

Santiago de Compostela, 16 de abril do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 16/04/2024 17:43:53**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2024 17:44:00**



CSX4\_RFXJSTRO-ZEOMBZnet-5

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / 981.55.15.30

@PSdeG



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 07.05.2024

Hora: 10:30

Orde do día

4.       Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 07.05.2024**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

4.1 409(12/PNC-000001)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 8 máis

Sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia co obxectivo de profundar nun modelo silvícola baseado no aproveitamento e na expansión das masas de frondosas autóctonas

*Publicación da iniciativa, 6, 05.04.2024*





## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **María Elena Candia López, José Silvestre Balseiros Guinarte, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Noelia Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei en **Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

### Exposición de motivos

Na actualidade, na nosa comunidade autónoma existen máis de 413 mil hectáreas de superficie de frondosas autóctonas –segundo o *4º Inventario Forestal Nacional* para Galicia–. Estas especies de alto valor, como son o castiñeiro, carballo, nogueira, cerdeira, pradairo, freixo ou chopo, son as formacións boscosas máis representativas de Galicia.

Estes ecosistemas favorecen a diversidade da vida silvestre e da fauna cinexética, especialmente en paisaxes de mosaico. Así mesmo, a composición química foliar, presenta unha maior humidade e profundidade edáfica, factores que inflúen na capacidade de ignición e propagación na loita contra os incendios forestais.

Nesta liña, cómpre sinalar que os montes deste tipo de formacións son moi diversos na súa orixe e composición, e o seu principal beneficio económico dirixiuse tradicionalmente á obtención de leña, conformando uns fustes demoucados, debido á reiteración de podas. No seu aproveitamento, en moitos casos intenso, susténtase a necesidade de axudar aos silvicultores galegos á promoción destas frondosas.

Neste eido, cobran gran importancia as convocatorias de axudas públicas en materia de valorización de masas de frondosas caducifolias mediante tratamentos silvícolas ou pola rexeneración e/ou mellora de sotos de castiñeiro. Ao respecto, desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia centramos o tiro na importancia que posúe a nova convocatoria da Consellería do Medio Rural en axudas para a mellora da xestión activa





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/04/2024 12:07:36  
Nº Rexistro: 409  
Data envío: 01/04/2024 12:07:36.345



destas masas consolidadas, cuxo orzamento supera os 680.000 euros. Liña que, en adición, estará vixente ata o próximo 30 de xuño de 2025.

A estes efectos, cremos que é preciso continuar por este camiño, coa intención de fomentar, de xeito máis decidido, se cabe, a xestión activa das frondosas autóctonas existentes, incluso a plantación destas especies. Neste sentido, a Xunta de Galicia ven de expoñer a Estratexia o fomento da xestión activa das masas de frondosas para a súa execución no período 2024-2040, no marco dos obxectivos da 1ª revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 “Cara á neutralidade carbónica”.

Sen lugar a dúbidas, dende o grupo popular consideramos que este é o camiño axeitado para fomentar a xestión activa dos bosques de frondosas, a través do incremento das superficie con silvicultura específica para estas especies, aplicación de modelos silvícolas propios, e o incentivo para especies de frondosas con alto valor que favorezan o crecemento desas masas e a obtención de madeira de calidade.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar apoiando ao sector forestal, en especial, aos silvicultores da nosa comunidade en favor do fomento decisivo das frondosas autóctonas de Galicia. Así mesmo, avanzar e dar continuidade aos traballos que se veñen desenvolvendo na mellora xenética e materiais forestais de reprodución, buscando o incremento do crecemento e a mellora da calidade das nosas especies forestais.”

Santiago de Compostela, 1 de abril 2024.



CSV: REXISTRO-urRuJvZt6  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](https://www.parlamentodegalicia.gal)



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/04/2024 12:07:36  
Nº Rexistro: 409  
Data envío: 01/04/2024 12:07:36.345



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2024 12:00:09

Elena Candia López na data 01/04/2024 12:00:35

Silvestre Balseiros Guinarte na data 01/04/2024 12:00:52

Gabriel Alén Castro na data 01/04/2024 12:01:02

Raquel Arias Rodríguez na data 01/04/2024 12:01:15

José Manuel Balseiro Orol na data 01/04/2024 12:01:29

Rubén Lorenzo Gómez na data 01/04/2024 12:01:39

José Mato Díaz na data 01/04/2024 12:01:56

Noelia Pérez López na data 01/04/2024 12:02:11

Antonio Rodríguez Miranda na data 01/04/2024 12:02:27



CSX: REXISTRO-URNUJN2H6

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 07.05.2024**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

4.2 410(12/PNC-000002)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 8 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que requira de todas as deputacións provinciais galegas a colaboración decidida en materia de loita contra os incendios forestais

*Publicación da iniciativa, 6, 05.04.2024*



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **María Elena Candia López, José Silvestre Balseiros Guinarte, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Noelia Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei en **Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

## Exposición de motivos

Nos últimos meses, asistimos á posta en práctica de sendos convenios entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería do Medio Rural, e das deputacións provinciais de Ourense e Pontevedra, en relación coa sinatura dun protocolo anual de colaboración para a prevención e defensa fronte os incendios forestais. Soubemos que a dotación económica acada os 4,4 millóns de euros.

Neste respecto, segundo se deriva da firma destes convenios de colaboración –como doutros tantos que foron asinados nos últimos anos, en particular, coa Deputación de Ourense, sendo esta entidade a única provincial das catro galegas que se implicou nestas tarefas ata datas recentes, nas que se incorporou tamén a Deputación de Pontevedra, o obxecto final é a cooperación na loita contra o lume, co desenvolvemento de actuacións conxuntas dirixidas ao mantemento e a conservación das infraestruturas preventivas e da contorna agroforestal.

Ámbolos dous convenios permanecerán vixentes ata o vindeiro día 31 de decembro de 2024, podendo ser prorrogados. Así mesmo, neste período de tempo asúmese a posta en práctica de certas actuacións tales como a adquisición de maquinaria para a prevención e a defensa contra os incendios forestais (tractores rozadoiras, maquinaria motoniveladora, máquinas multifunción), a cesión de maquinaria titularidade das deputacións, a formación especializada do persoal dos concellos no uso de maquinaria de prevención a través do *Centro integral de loita contra o lume*, situado na localidade ourensá de Toén, entre outras.

Cómpre sinalar que, no caso ourensá, desenvolveranse catro programas piloto para o establecemento de 16 brigadas de prevención e extinción de incendios por un período





de seis meses en catro mancomunidades da provincia. Non podemos esquecer que se trata dunha das provincias máis afectadas polos incendios forestais; por este motivo, este convenio de colaboración conta cunha dotación económica superior, acadando os 3,8 millóns de euros aportados a razón de 1,3 millóns de euros pola Deputación e 2,5 millóns de euros pola Consellería.

Así mesmo, o acordo máis recente coa Deputación ourensá permitiu formalizar, en novembro de 2023, a entrega de nova maquinaria destinada á prevención de incendios a 13 concellos da provincia, como resultado dunha colaboración interadministrativa, dotada cun investimento que roldou, entre ambas partes, os 1,3 millóns de euros. Con esta entrega, un total de 26 concellos ourensáns foron beneficiados por esta cooperación desde o ano 2019, é dicir, case un terzo dos de toda a provincia.

Neste respecto, as entidades locais teñen atribuídas competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil, prevención e extinción de incendios e conservación de camiños e vías rurais, segundo o disposto nas leis de administración local de Galicia e reguladora das bases de réxime local. Así, de acordo co previsto nesta última, correspóndelle á provincia asegurar a prestación integral e adecuada, na totalidade do territorio provincial, dos servizos de competencia municipal. Neste contexto, é competencia das deputacións provinciais a cooperación e o fomento do desenvolvemento económico e social e a planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

En particular, en materia de incendios forestais, correspóndelle adoptar as medidas de prevención en terreos da súa titularidade, colaborar co medios dispoñibles coa dirección técnica de extinción de incendios forestais, así como executar as obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa vexetal nas condicións idóneas para evitar os incendios forestais.

Por outra banda, a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece as distancias mínimas de roza e as zonas de seguridade respecto das casas illadas e de núcleos de poboación e das redes primarias de faixas de xestión de biomasa e de seguridade libres de matogueira –infraestruturas de prevención e defensa–. Así mesmo establece, respecto das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa (as máis próximas ás vivendas), que teñen un ámbito municipal e posúen función prioritaria de protección de núcleos de poboación, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/04/2024 12:35:56**  
**Nº Rexistro: 410**  
Data envío: 01/04/2024 12:35:56.797



Esta norma autonómica sobre prevención de incendios tamén establece que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición.

Neste contexto, sería lóxico pensar que as deputacións provinciais, sexa cal sexa a circunstancia na que se atopen, apoien estes fundamentos coa posta en marcha dunha colaboración igual ou similar á detallada por parte das deputacións de Ourense e Pontevedra. Non obstante, por parte das restantes institucións segue a producirse un desleixo das súas responsabilidades.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a motivar e requirir de forma decidida a colaboración en materia de loita contra incendios forestais respecto da totalidade das deputacións provinciais galegas, en particular, daquelas que aínda non exerceron a súa responsabilidade nesta materia”.

Santiago de Compostela, 1 de abril 2024.

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2024 12:32:54**

**Elena Candia López na data 01/04/2024 12:33:10**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



CSX4\_RREGISTRO-ewAJEswGU-9  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/04/2024 12:35:56**  
**Nº Rexistro: 410**  
Data envío: 01/04/2024 12:35:56.797



**PARLAMENTO  
DE GALICIA**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 01/04/2024 12:33:31**

**Gabriel Alén Castro na data 01/04/2024 12:33:42**

**Raquel Arias Rodríguez na data 01/04/2024 12:33:58**

**José Manuel Balseiro Orol na data 01/04/2024 12:34:12**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 01/04/2024 12:34:29**

**José Mato Díaz na data 01/04/2024 12:34:47**

**Noelia Pérez López na data 01/04/2024 12:35:05**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 01/04/2024 12:35:21**



CSX4\_R1EX1STRO-ewAJEsw0U-9

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 07.05.2024**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

4.3 1737(12/PNC-000208)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 3 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) proceda a aboar os expedientes de axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 correspondentes á campaña de 2023

*Publicación da iniciativa, 16f2, 24.04.2024*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/04/2024 13:32:44  
**Nº Rexistro: 1737**  
Data envío: 12/04/2024 13:32:44.823

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Secundino Fernández Fernández** e das deputadas **Sonia Vidal Lamas**, **Montserrat Valcárcel Armesto** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a situación dos expedientes de solicitude de axuda das agroambientais na PAC 2023.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2023 entrou en funcionamento a PAC para o novo período coñecida como PEPAC 23-27. Neste novo período as explotacións agrogandeiras galegas tiveron a opción de solicitar axudas agroambientais, concretamente as *axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 para a campaña 2023, cofinanciadas nun 80 % polo Fondo Feader*. Axudas con compromisos plurianuais e que son fundamentais para as explotacións de Galiza.

Estas axudas incluían as seguintes seguintes intervencións agroambientais do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027:

a) *Intervención 65012. Compromisos de cultivos sostibles”*

*Subintervención 65012.02: Extensivos*

*Subintervención 65012.03: Leñosos*

*Subintervención 65012.04: Economía circular*

b) *Intervención 65013. Compromisos de fomento e xestión sostible de pastos”*

CSM-REXISTRO-MRWBDJR-4  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/04/2024 13:32:44**  
**Nº Rexistro: 1737**  
Data envío: 12/04/2024 13:32:44.823

*Subintervención 65013.01: Extensificación de prados*

*Subintervención 65013.02: Extensificación pastos arbustivos e arborizados*

*Subintervención 65013.03: Complemento a ganderías extensivas en zonas con presenza de grandes carnívoros*

*c) Intervención 65014. Apicultura para a biodiversidade”*

*Subintervención 65014.01: Apicultura para a biodiversidade*

*d) Intervención 6503 “Compromisos agroambientais en agricultura ecolóxica”*

*Liña: Cultivos agrícolas ecolóxicos*

*Subintervención 65030.17: Conversión de cultivos agrícolas ecolóxicos*

*Subintervención 65030.18: Mantemento de cultivos agrícolas ecolóxicos*

*Liña: Viñedos para vinificación ecolóxica*

*Subintervención 65030.19: Conversión de viñedos para vinificación ecolóxica*

*Subintervención 65030.20: Mantemento de viñedos para vinificación ecolóxica*

*Liña: Gandería ecolóxica*

*Subintervención 65030.21: Conversión de gandería ecolóxica*

*Subintervención 65030.22: Mantemento de gandería ecolóxica*

*Liña: Apicultura ecolóxica*

*Subintervención 65030.23: Conversión de apicultura ecolóxica*





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/04/2024 13:32:44**  
**Nº Rexistro: 1737**  
Data envío: 12/04/2024 13:32:44.823

*Subintervención 65030.24: Mantemento de apicultura ecolóxica*

*e) Intervención 65051 “Compromisos de conservación de recursos xenéticos SIXC”*

*Subintervención 65051.01: Razas gandeiras autóctonas en risco de erosión xenética*

*Subintervención 65051.02: Conservación de variedades autóctonas vexetais en risco de erosión xenética*

Estas axudas son moi importantes para o mantemento, viabilidade e permanencia das explotacións agrarias galegas; sobre todo as profesionais. Afectan a explotacións agrícolas, gandeiras e apícolas. Unhas axudas que no seu día supuxeron unha diminución importante na liña de compromiso de *fomento e xestión sostible de pastos* *Subintervención 65013.01: Extensificación de prados*, a mais solicitada e máis importante para explotación gandeiras de Galiza, que lles fixo reducir nalgúns caso o 50 % a axuda recibida. Esta diminución da axuda non tivo explicación de ningún tipo.

Estas axudas xunto cos seus importes foron aprobados o pasado 28 de decembro e a resolución, por fin publicada a primeiros do mes de marzo do ano 2024. O conselleiro do Medio Rural anunciara nos medios de comunicación que se cobrarían no mes de xaneiro. Estamos en abril e a Xunta de Galiza non fixo o pago de ningunha axuda agroambiental. Non é entendible que os nosos produtores agrogandeiros teñan que estar esperando esta cantidade de tempo por unhas axudas vitais para eles e as súas explotacións. Todo isto pode afectar á viabilidade das explotacións do noso País

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/04/2024 13:32:44**  
**Nº Rexistro: 1737**  
Data envío: 12/04/2024 13:52:44.823

“O parlamento galego insta a Xunta de Galiza a que o FOGGA abone os expedientes de *axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 para a campaña 2023*, antes de que acabe o período de solicitude das axudas PAC do ano 2024.”

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

**Montserrat Valcárcel Armesto**

**Sonia Vidal Lamas**

**Ariadna Fernández González**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Secundino Fernández Fernández na data 12/04/2024 13:25:14**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 12/04/2024 13:30:06**

**Sonia Vidal Lamas na data 12/04/2024 13:31:13**

**Ariadna Fernández González na data 12/04/2024 13:32:00**



CSX4:REXISTRO-M5Rw6DRV-4

Verificación





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/04/2024 13:32:44**  
**Nº Rexistro: 1737**  
Data envío: 12/04/2024 13:32:44.823

**Luis Bará Torres na data 12/04/2024 13:32:02**

CSX: REXISTRO-M5FRw6DRV-4  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

